



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 31 DE AGOSTO DE 2006,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se aproba o Plan de Recuperación Ambiental e Forestal de Galicia, en resposta ás emerxencias causadas polos incendios

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo sobre as ordes que desenvolven o decreto 138/2006, do 24 de agosto, de medidas urxentes de axuda para a reparación dos danos e perdas causados pola vaga de incendios que asolou Galicia durante os días 4 a 14 de agosto do ano en curso

DECRETOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se determinan os criterios de perda do destino definitivo polas funcionarias e funcionarios docentes que prestan servizos nos centros educativos que imparten ensinanzas distintas das universitarias e o cómputo da antigüidade no centro en función das causas de acceso a este
- Decreto polo que se modifica o Decreto 156/2002, do 18 de abril, polo que se establecen os prezos públicos dos conservatorios de música, centros autorizados de música, conservatorios de danza, centros autorizados de danza, escolas oficiais de idiomas e Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia



ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade Asociación Galega San Francisco (AGASFRA) para contribuír ao mantemento dos centros residencial ocupacional, centro asistencial de maiores e centro asistencial de menores

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Deputación Provincial de Ourense e os concellos do Barco de Valdeorras, A Rúa, Carballeda de Valdeorras, Rubiá, Vilamartín de Valdeorras, Petín, Larouco, O Bolo e A Veiga, para a adquisición dun vehículo autoescada de rescate en altura para o Consorcio contra incendios e salvamento de Valdeorras.
- Acordo polo que se autoriza o IGAPE para que na concesión dun aval subsidiario a *Grupo Copo de Inversiones, S.A.*, se poidan establecer condicións especiais de subsidiariedade, e superar o límite de cinco anos no prazo de vixencia do aval.
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica para que, na concesión dun aval subsidiario a S.A. Eduardo Vieira, se poidan establecer condicións especiais de subsidiariedade, e superar o límite de cinco anos no prazo de vixencia do aval.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestruturas no medio rural (PEIM RURAL –Cabanas... Sanxenxo)
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos, no marco do Programa estratéxico de infraestruturas no medio rural (PEIM RURAL – Ames)
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos



concellos, no marco do Programa estratéxico de infraestruturas no medio rural (PEIM RURAL – Cambre)

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos, no marco do Programa estratéxico de infraestruturas no medio rural (PEIM RURAL – Mugardos)
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos, no marco do Programa estratéxico de infraestruturas no medio rural (PEIM RURAL – Outes)

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo de autorización para a subministración de Osetalmivir fosfato polo importe de tres millóns cento trece mil novecentos dez euros con oitenta céntimos (3.113.910.80. euros)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da primeira cláusula adicional ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a *Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria* (FEGAS), para o ano 2006 para dotar de contido económico o financiamento do soporte técnico administrativo e de servizos das Fegas na avaliación das tecnoloxías sanitarias, polo importe de 109.892. - €)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a *Fundación Pública Hospital da Barbanza* para a adquisición de equipamentos novos e de reposición de aparellos necesarios para o óptimo funcionamento da Fundación, por importe de cento oitenta e un mil oitocentos euros (181.800.00 €)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a *Fundación Pública Hospital do Salnés para a* adquisición de equipamentos novos e de reposición de aparellos necesarios para o óptimo funcionamento da Fundación, por importe de cento setenta e un mil setecentos sesenta euros (181.800.00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde (SERGAS) e a Fundación Galicia Innova para o desenvolvemento do programa ALTERNATIVA, polo importe de cento corenta e seis mil euros (146.000.00).



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financieira da Xunta de Galicia co Concello de Nigrán para a execución das obras: Plan de saneamento na Nogueira, San Román, A Mámoa e Nabás. Nigrán (Pontevedra), clave OH.336.652, por importe de trescentos setenta e seis mil oitocentos dezanove euros e oitenta e oito céntimos.
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financieira da Xunta de Galicia co Concello de Vilaboa (Pontevedra), clave OH.236.522, por importe de seiscentos trinta e oito mil catrocentos sete euros e trinta e un céntimos (638.407.31 €).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financieira da Xunta de Galicia co Concello de Vedra para a execución das obras: Pequenas obras de infraestrutura hidráulica. Abastecemento xeral no concello de Vedra. Fase I: importe de catrocentos cincuenta e nove mil cento sesenta e oito euros e sesenta e oito céntimos.
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financieira da Xunta de Galicia co Concello de Mondariz – Mondariz Balneario para a execución das obras: “Actuacións de saneamento nas bacías intercomunitarias. Colectores xerais de Mondariz . Mondariz – Mondariz – Balneario (Pontevedra), clave OH336572, por importe de catrocentos setenta e seis mil douscentos setenta euros e vinte e oito céntimos (476.270.28 €)-
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financieira da Xunta de Galicia co Concello de Pedrafita do Cebreiro para a execución das obras: Mellora das infraestruturas hidráulicas na comunidade autónoma. Abastecemento e saneamento a Foxos. Poio. Hospital da Condese e Pedrafita. Pedrafita do Cebreiro (LUGO), clave OH 527.477, por importe de catrocentos noventa e oito mil catrocentos sesenta e oito euros e trinta e catro céntimos (498.468.34 €).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financieira da Xunta de Galicia co Concello de Guntín para a execución das obras: Mellora do abastecemento nas bacías intercomunitarias. Abastecemento de auga a Mougán. Guntín (LUGO), clave OH 227.435, por importe de cento vinte e tres mil oitocentos noventa e seis euros e noventa e dous céntimos (123.896.92 €).



- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Rairiz de Veiga para a execución das obras: Pequenas obras de infraestrutura hidráulica. Mellora no abastecemento e saneamento en Rairiz de Veiga. Rairiz de Veiga (Ourense), clave OH.532.541, por importe de trescentos mil euros (380.000).



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PLAN DE RECUPERACIÓN FORESTAL E AMBIENTAL DE GALICIA, QUE PREVÉ INVESTIMENTOS POR 126 MILLÓNS DE EUROS

- *Entre as principais medidas de prevención atópase o establecemento de franxas de protección de 3.000 núcleos rurais, prestando especial atención aos situados en zonas de risco*
- *A revalorización do monte galego articularase con base en programas de recuperación e rexeneración de 3.500 hectáreas dos hábitats e espazos da Rede Natura*
- *O Plan de dotación de infraestruturas prevé a creación de once parques comarcais de bombeiros e a maior dotación de vehículos de primeira intervención*
- *Incrementarase a vixilancia nos montes, a roza dos cintos de seguranza e o abastecemento de auga nos dispositivos de extinción*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o Plan de Recuperación Forestal e Ambiental de Galicia, que recolle un conxunto de medidas de reforestación, rexeneración ambiental e prevención, así como o deseño de resposta ás emerxencias derivadas da nova tipoloxía de incendios a que se enfrenta a comunidade. A Xunta de Galicia completa con este plan, dotado con 126 millóns de euros, as primeiras medidas de reparación urxente incluídas nos decretos aprobados a semana pasada polos gobernos autonómico e central.

O Plan fixa catro grandes áreas de actuación: planificación forestal e ordenación do medio rural; valorización do monte galego e mellora da súa estrutura; rexeneración de hábitats, restauración hidrolóxica e renovación de infraestruturas ambientais e, por último, infraestruturas e equipamento para a intervención en emerxencias.

Planificación forestal e ordenación do medio rural

A Xunta destinará á epígrafe de planificación forestal e ordenación do medio rural un total de 12 millóns de euros. Neste plan, establécese un programa urxente de franxas de protección dos núcleos rurais, dirixido á limpeza mediante rozas dos cintos de seguranza nos contornos de 3.000 núcleos rurais, prestando atención singular a aqueles situados en zonas de especial risco. Ademais, poranse en marcha medidas de actuación, de xeito inmediato, no ámbito urbano-forestal. Así mesmo, desenvolverase un plan continuo de formación agroforestal que mellore e actualice os coñecementos forestais dos profesionais, así como de silvicultores e agricultores propietarios dos montes.



Valorización do monte galego e mellora da súa estrutura

O plan de valorización do monte galego e mellora da estrutura de Galicia contará cun orzamento global de 59 millóns de euros. Este plan establece as seguintes liñas de actuación:

Programa integral de recuperación e rexeneración da cuberta forestal, programa urxente de aproveitamento da madeira queimada, Medidas urxentes de control da erosión en zonas forestais sensibles, programa de fomento das frondosas caducifolias, proxectos integrais de protección forestal no medio rural e de mellora da rede de infraestruturas de prevención e defensa forestal que incidirán sobre catro puntos fundamentais; a vixilancia dos montes, a prevención mediante actuacións silvícolas (podas, rozas, rareos), mantemento das infraestruturas (pistas e devasas) e puntos de auga, programa integral de xestión e produción en zonas de concentración agraria de carácter forestal, medidas destinadas a facer do monte galego un activo económico que xere de forma continuada e periódica rendas para os propietarios e que profesionalice a actividade forestal no medio rural como unha actividade empresarial suxestiva para os investidores e medidas para a restauración hidrolóxica-forestal.

Rexeneración de hábitats, restauración hidrolóxica e renovación de infraestruturas ambientais

A rexeneración de hábitats, restauración hidrolóxica e renovación de infraestruturas ambientais apoiarase en catro eixes, que contarán cun orzamento de 28 millóns de euros. A Xunta porá en marcha o Plan de conservación de solos, restauración hidrolóxica e protección da calidade das augas. Este programa incluírá a restauración de vexetación nas cabeceiras das bacías; a implantación de medidas nas canles para limitar o arrastre de cinzas e a deterioración dos sistemas fluviais, e a ampliación da rede de control e análise das augas.

Así mesmo, desenvolveranse os programas de recuperación e rexeneración de máis de 3.500 hectáreas dos hábitats e espazos da Rede Natura 2000 afectados polos incendios e o de actuación de Augas de Galicia, que comprenderá novas actuacións de abastecemento. Así mesmo, e en colaboración co Ministerio de Medio Ambiente, desenvolveranse actuacións de protección na franxa de dominio público marítimo-terrestre.

Infraestruturas e equipamento para a intervención en emerxencias

Esta epígrafe contará cun orzamento de 27 millóns de euros para a súa execución. Nela, desenvólvese o Plan de dotación de infraestruturas, que inclúe a creación de 11 parques comarcais de bombeiros (3 na provincia da Coruña; 3 na de Lugo; 2 na de Ourense e 3 na de Pontevedra), a dotación de vehículos de primeira intervención a concellos que non teñan parques (50 vehículos rurais e 20 semiurbanos), a dotación



de equipamento ás agrupacións de voluntarios de Protección Civil e a construción dunha rede de helisuperficies, que incluírá 14 con operatividade durante as horas de día e 8 con operatividade as 24 horas.



PLAN DE RECUPERACIÓN FORESTAL E AMBIENTAL DE GALICIA

ACTUACIÓNS	IMPORTE (millóns €)
Planificación forestal e ordenación do medio rural <ul style="list-style-type: none">▪ Formación e información sobre a valorización do medio rural▪ Creación de franxas de protección de núcleos rurais e do interface urbano-forestal	12,0
Valorización do monte galego e mellora da súa estrutura <ul style="list-style-type: none">▪ Recuperación da cuberta forestal▪ Control da erosión▪ Fomento das frondosas caducifolias▪ Proxectos integrais de potenciación forestal no medio rural e mellora da rede de infraestrutura de prevención e defensa forestal▪ Medidas urxentes de aproveitamento da madeira queimada▪ Xestión e produción en zonas de concentración agraria de carácter forestal▪ Restauración hidrolóxica-forestal	59,0
Rexeneración de hábitats, restauración hidrolóxica e renovación de infraestruturas ambientais <ul style="list-style-type: none">▪ Conservación de solos, restauración hidrolóxica e protección da calidade das augas▪ Protección da franxa de dominio público marítimo-terrestre▪ Recuperación e rexeneración de hábitats e espazos da Rede Natura 2000	28,0
Infraestrutura e equipamento para a intervención en emerxencias	27,0
TOTAL	126,0



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA Á CONSELLERÍA DE ECONOMÍA A ADOPTAR AS MEDIDAS FINANCEIRAS OPORTUNAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO DECRETO DE MEDIDAS URXENTES DE AXUDA PARA A REPARACIÓN DE DANOS E PERDAS CAUSADOS POLA VAGA DE INCENDIOS

- *Concretan os ámbitos e contías das axudas, así coma o procedemento que rexerá a súa concesión*
- *O decreto 138/2006 desenvolve unha fórmula de axuda complementaria das aprobadas polo Estado*

O Consello da Xunta acordou esta mañá autorizar á Consellería de Economía a adoptar as medidas financeiras e orzamentarias oportunas para facer fronte ás ordes de desenvolvemento do *Decreto 138/2006, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos e perdas causados pola vaga de incendios que asolou Galicia durante os días 4 a 14 de agosto do ano en curso*. Agárdase que estas ordes, relativas ao decreto aprobado no Consello Extraordinario do pasado 24 de agosto, estean aprobadas e publicadas nos próximos días.

Nas ordes de desenvolvemento concretaranse os ámbitos e as contías das axudas, así como o procedemento que rexerá a concesión de cada unha delas. O decreto do Goberno galego, que recolle axudas por un valor estimado inicial de 13.097.500 euros, constitúe a primeira medida de choque implementada polo Executivo presidido por Emilio Pérez Touriño para indemnizar e reparar os danos máis urxentes provocados polos lumes, sendo as axudas complementarias e compatibles coas que habilitará o Goberno de España.

O decreto articula un sistema de axudas para paliar os danos causados polos incendios, atender as situacións de necesidade en que se poidan atopar os colectivos directamente afectados e contribuír a restaurar os valores naturais e a reactivar a actividade económica das zonas afectadas.

Nel contéplase a concesión directa de axudas e subvencións públicas ao acreditárense razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ao tempo que establece que estas serán complementarias e compatibles coas medidas que a Administración Xeral do Estado adopte no futuro, co fin de asegurar un maior grao de protección fronte aos incendios e a súas consecuencias.

A concesión das axudas terá carácter subsidiario respecto de calquera outro sistema de cobertura de danos, público ou privado, nacional ou internacional, de que poidan ser beneficiarios os afectados. Non obstante, cando os mencionados sistemas non cubran a totalidade dos danos producidos, as axudas previstas neste decreto



concederanse con carácter complementario e serán compatibles en concorrencia con outras subvencións, indemnizacións, axudas, ingresos ou recursos ata o límite do valor do dano producido. As ordes contemplan as axudas e os importes seguintes:

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Por un importe que ascende a 2.400.000 euros, este departamento da Xunta establece unha liña de axudas que ten coma beneficiarios a entidades locais (concellos, deputacións, consorcios...) que tiveran sufrido perdas ou incorrido en gastos extraordinarios como consecuencia dos labores de extinción. Financiará os gastos aos que non fai fronte o Real Decreto Lei aprobado polo Estado o pasado venres 25. Así, proporcionará cobertura para os vehículos estragados ou danados, os materiais perdidos e os sobrecustes dos servizos locais, tanto materiais como de persoal.

Consellería de Economía e Facenda

Esta consellería habilita unha liña de axudas para a reparación dos danos persoais, que corresponden a 4 falecementos (por un importe total de 72.000 euros). Tamén dará cobertura ás persoas que por mor de feridas precisaran de hospitalización, cunha axuda baremada segundo a fórmula do seguro de vehículos a motor, en función da renda, de entre 60 e 103 euros por día de hospitalización.

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

O proceso de axudas establecido pola Consellería de Política Territorial ten como beneficiarios a concellos nos que se sitúan infraestruturas danadas ou estragadas por mor dos incendios (como estradas, marquesiñas, sinalización, e balizamento...) e inclúen subvencións da súa reposición ou reparacións por importe de 2.100.000 euros.

Consellería de Innovación e Industria

Este departamento da Xunta aprobará axudas por valor de 5.200.000 euros para financiar os danos rexistrados nos establecementos industriais, mercantís e turísticos por mor dos incendios, así como para compensar as perdas sufridas polos establecementos turísticos ou ben por cancelacións que superararn o 40% da súa capacidade ou ben por desaloxos.

Consellería do Medio Rural

As liñas de axudas correspondentes á Consellería do Medio Rural, por valor de 1.538.500 euros, teñen por obxecto a reparación dos danos causados en infraestruturas de titularidade privada situadas en terreos forestais (concretamente camiños, captacións de auga, cerramentos e bebedoiros), así como a reparación dos danos causados na maquinaria e no equipamento agrícola ou forestal rexistrados



durante as tarefas de colaboración nos labores de extinción, na medida en que non fosen cubertas pola Administración Xeral do Estado.

As axudas de Medio Rural tamén teñen por obxectivo reparar os danos causados nas explotacións agrícolas e gandeiras, como perdas de colleitas, superficies cultivadas con producións agrícolas queimadas, danos en instalacións agrícolas e anexos (cortes, alpendres ou invernadoiros) que non fosen cubertas polas medidas adoptadas polo Estado ou por calquera fórmula de aseguramento, público ou privado. As axudas están destinadas ademais á reparación da morte de gando que estivese incluído no Rexistro de Explotacións Gandeiras e á restauración de terreos queimados destinados a pasto e cultivos forraxeiros de explotacións gandeiras.

Así pois, serán beneficiarios destas axudas os titulares de explotacións agrícolas e gandeiras que sufriran os danos obxecto das axudas; os propietarios, arrendatarios ou usufrutuarios das infraestruturas, equipamentos ou instalacións afectadas polos lumes; e os titulares de explotacións gandeiras e as comunidades de montes veciñais en man común que tivesen aproveitamento gandeiro nas súas terras, no caso de que a superficie dedicada a pastoreo ou a cultivo forraxeiro fose afectada directamente por un incendio.

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

Por un importe de 1.500.000 euros, esta consellería habilitará unha liña de axudas para a rexeneración urxente da riqueza cinexética afectada polos incendios.

Consellería de Vivenda e Solo

Para reparar os danos rexistrados en vivendas e nos seus enseres, a Consellería de Vivenda e Solo destina 287.000 euros. O decreto de axudas considera como vivenda tamén as instalacións e construcións anexas. Cando falamos dunha vivenda habitual, a orde complementará a axuda establecida polo Real Decreto Lei do Estado ata chegar ao 100% do valor, cun límite do prezo dunha vivenda de protección autonómica no mesmo municipio. No caso dunha vivenda ocasional, o importe da axuda poderá chegar a acadar o 40% do prezo dunha vivenda de protección autonómica no mesmo municipio.



ACTUALIZADO O DECRETO POLO QUE SE ESTABLECEN OS PREZOS PÚBLICOS DAS ENSIANZAS DE RÉXIME ESPECIAL DE MÚSICA, DANZA, IDIOMAS E CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIIS

- ***A norma aprobada hoxe fixa os prezos das novas ensinanzas de réxime especial implantadas en Galicia e axusta os xa existentes noutros ámbitos educativos***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se modifica o Decreto 156/2002, do 18 de abril, polo que se establecen os prezos públicos dos conservatorios de música, centros autorizados de música, conservatorios de danza, centros autorizados de danza, escolas oficiais de idiomas e Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia. Os prezos públicos regulados neste decreto serán de aplicación nos centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A norma que determinaba ata o de agora en Galicia os prezos públicos para as ensinanzas de réxime especial de música, danza, idiomas e conservación e restauración de bens culturais era o Decreto 156/2002, do 18 de abril. Desde a promulgación desta norma ata a actualidade implantáronse en Galicia os estudos superiores de arte dramática e de deseño, o que fai preciso fixar os prezos destes, así como axustar os xa existentes noutros ámbitos educativos co obxecto de homoxeneizar os criterios para a súa aplicación.

O decreto aprobado hoxe establece os prezos públicos tomando como unidade de referencia o crédito naquelas ensinanzas que xa teñen definida a súa estrutura curricular de acordo con este patrón, e diferenciando as que levan a unha titulación equivalente a diplomatura universitaria daquelas outras equivalentes a licenciatura universitaria, segundo dispón a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Así, os prezos que se relacionan neste decreto son os que fixa o Decreto 156/2002, do 18 de abril, cunha actualización necesaria derivada da antigüidade da norma e, en xeral, o substantivo do contido do articulado é similar ao deste decreto, actualmente en vigor. Deste xeito, ditaminouse que a contía da apertura de expediente e servizos xerais é común en todas as modalidades de ensino que se recollen neste decreto; estableceuse un novo parámetro: o crédito; e tomáronse como patrón as ensinanzas de conservación e restauración de bens culturais para acadar a necesaria homoxeneización dos prezos nas ensinanzas artísticas superiores, aplicándose unha porcentaxe de incremento dun 30% aproximadamente.

Como consecuencia do anterior e co fin de equilibrar os prezos nas ensinanzas artísticas elementais e profesionais, mantivéronse os establecidos no referido Decreto 156/2002, e axustáronse conceptos como a penalización, nos estudos superiores, da terceira ou sucesivas matrículas.



REGULADOS OS CRITERIOS DA PERDA DO DESTINO DOS FUNCIONARIOS DOCENTES DA COMUNIDADE GALEGA

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se determinan os criterios de perda do destino definitivo polas funcionarias e funcionarios docentes que prestan servizos nos centros educativos que imparten ensinanzas distintas das universitarias e o cómputo da antigüidade no centro en función das causas de acceso a este.

As funcionarias e funcionarios docentes que imparten ensinanzas distintas das universitarias poden perder o seu destino definitivo, de forma provisional ou definitiva, por diminución das necesidades de profesorado no seu centro de destino. Esta diminución pode ter a súa orixe na situación demográfica, na planificación educativa ou na modificación dos plans de estudos. Así, existe a necesidade de ter regulados os criterios que permitan determinar entre varios funcionarios docentes quen debe ser o afectado pola perda do seu destino definitivo, quedando na situación de suprimido.

Na actualidade, estes criterios están establecidos nas disposicións adicionais sétima e décimo primeira do Real decreto 2112/1998, do 2 de outubro, polo que se regulan os concursos de traslados de ámbito nacional para a provisión de prazas correspondentes aos corpos docentes. O novo decreto unifica os criterios para todos os funcionarios docentes e esta unificación realízase sen que afecte as expectativas dos funcionarios que xa accederon aos centros ou van acceder en virtude de procedementos de provisión de postos convocados con anterioridade á entrada en vigor deste decreto, polo que se establece unha disposición transitoria mantendo a regulación actualmente vixente para estas funcionarias e funcionarios docentes.

Deste xeito, o decreto aprobado hoxe establece que o criterio da antigüidade no centro é o que se fai prevalecer sobre o da antigüidade no corpo. Isto responde ao obxectivo de garantir unha maior estabilidade dos claustros de profesores, favorecendo unha mellor integración dos docentes nos respectivos centros. Pola súa vez, esta medida facilitará o incremento da porcentaxe de profesorado con destino definitivo nos centros educativos, incidindo positivamente na calidade do ensino.

Este decreto tamén regula a limitación da conservación da antigüidade para os efectos de concurso de traslados e clarifica que, cando no centro receptor das ensinanzas xa exista profesorado das especialidades afectadas, a adscrición con carácter definitivo limitarase a un número de profesores por especialidade igual ao número de vacantes previamente existentes, incrementado, se é o caso, no de vacantes que se xeren por mor do traslado destas ensinanzas.



Ao mesmo tempo, establécese que se mantén a regulación recollida no Real decreto 2112/1998, do 2 de outubro, para os supostos de obtención de destino definitivo nun centro como consecuencia de desagregación, desdoblamento ou transformación total ou parcial doutro ou doutros centros. Segundo este decreto, esténdese ao funcionariado do corpo de mestres a figura de profesor desprazado do seu centro por falta de horario.



A VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR COLABORARÁ COA ASOCIACIÓN GALEGA SAN FRANCISCO (AGASFRA) NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL

- *Investirá máis de 900.000 € nas actuacións, servizos e programas do centro residencial ocupacional e dos centros residenciais asistenciais desta entidade*

O Consello da Xunta aprobou na reunión desta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Asociación Galega San Francisco (AGASFRA) para contribuír ao desenvolvemento e mantemento do Programa de Atención ás Persoas con Discapacidade Intelectual e ás súas familias, que xestiona a asociación pontevedresa.

O orzamento do convenio de colaboración ascende a 908.931€, cos cales a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar pretende axudar a AGASFRA a sufragar as actuacións, servizos e programas dos tres centros destinados ás persoas con discapacidade intelectual: o Centro Residencial Ocupacional (para maiores de 18 anos con necesidades de apoio intermitente), o Centro Residencial Asistencial de Maiores de 18 anos e o Centro Residencial Asistencial de Menores de 18 anos.

A través do Programa de atención ás persoas con discapacidade intelectual e ás súas familias, a Asociación Galega San Francisco desenvolverá as seguintes actuacións: prestar atención integral e personalizada a todos e cada un dos usuarios; desenvolver e optimizar as capacidades desas persoas procurando os seus máis altos niveis de autonomía persoal; procurar o seu maior equilibrio emocional e efectivo; realizar a súa habilitación persoal e social; procurar un ambiente adecuado onde os principais conceptos humanos (confianza, estabilidade, privacidade, etc) atopen axeitada protección; e por último, prestarlles a información, asesoramento e orientación adecuada ás persoas con discapacidade intelectual e ás súas familias.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar avoga pola consecución dunha maior autonomía persoal das persoas con discapacidade intelectual, así como pola defensa da súa dignidade e dos seus dereitos. O convenio de colaboración coa Asociación Galega San Francisco vai encamiñado a promover a integración social destas persoas, fomentando así as actitudes sociais positivas para elas.



A XUNTA ACHEGARÁ UNS 228.000 EUROS AO CONSORCIO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE VALDEORRAS

- *Os cartos empregaranse para a compra dun vehículo autoescada de rescate en altura, o cal axudará a mellorar os servizos existentes*

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, A Deputación Provincial de Ourense e os concellos da comarca de Valdeorras para a adquisición dun vehículo autoescada de rescate en altura, que se destinará ao Consorcio contra Incendios e Salvamento desa comarca.

Este novo vehículo prestará os seus servizos aos concellos integrantes do consorcio: O Barco de Valdeorras, A Rúa, Carballeda, Rubiá, Vilamartín de Valdeorras, Petín, Larouco, O Bolo e A Veiga. Non obstante, poderá actuar noutros concellos próximos de forma excepcional, cando así o requira a situación de risco ou emerxencia.

O Consorcio de Valdeorras precisa desta dotación xa que se trata dun vehículo de rescate con plataforma de traballo en altura que permitirá intervencións en incendios urbanos e industriais, rescates e manobras horizontais (en leitos de ríos, pontes, cruzamentos de vía, etc.), acceso a elementos de grande altura (árbores, tendidos eléctricos, antenas, cornixas, etc.) e permitirá realizar labores en zonas con inclinación como bacías, presas ou encoros.

Ata o de agora, os servizos prestados víanse limitados neste tipo de actuacións, sobre todo en concellos que teñen moi desenvolvido o núcleo urbano e contan cun gran número de vivendas dunha altura considerable.

Características do vehículo

O vehículo de rescate estará valorado nun máximo de 456.000 euros, dos cales a Consellería de Presidencia achegará o 50%, uns 228.000 euros procedentes dos fondos FEDER. Pola súa parte, a Deputación Provincial de Ourense achegará o 30%, uns 136.800 euros, e será por conta dos concellos consorciados o 20%, un total de 91.200 euros que será repartido entre eles segundo o número de habitantes de cada concello.

O vehículo autoescada de rescate en altura terá, aproximadamente, 26 metros de alcance, será de última xeración, automática, cunha cesta de traballo e rescate con capacidade para catro persoas e capaz de soportar ata 300 quilogramos e o chasis da unidade terá que soportar un mínimo de 1.500 quilos.



IGAPE E XESGALICIA APOIARÁN OS PROXECTOS EMPRESARIAIS DO GRUPO PESQUEIRO EDUARDO VIEIRA E DO GRUPO AUXILIAR DA AUTOMOCIÓN COPO

- *O Consello da Xunta autorizoulle ao Igape a concesión das operacións de aval que se concederán a ambos os grupos para as súas operacións de financiamento*
- *Xesgalicia participará, a través de Sodiga, nas ampliacións de capital previstas nos plans presentados polas empresas*

O Consello da Xunta aprobou hoxe os proxectos de acordo polos que se lle autoriza ao Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) a concesión de avais sobre operacións de financiamento previstas polos grupos empresariais Eduardo Vieira, do sector pesqueiro, e Copo, do sector da automoción. Previamente, a Comisión Delegada de Asuntos Económicos, na súa reunión de hoxe, acordou a declaración de especial interese socioeconómico para Galicia das devanditas operacións. Deste xeito, a decisión adoptada polo Goberno galego permite o apoio dos proxectos presentados por ambos os grupos empresariais, que tamén contarán coa participación de Xesgalicia a través da sociedade de capital risco Sodiga.

No caso de S. A. Eduardo Vieira -o grupo de extracción, transformación e comercialización de produtos pesqueiros con sede en Vigo-, o Igape apoiará a súa consolidación mediante a achega dun aval destinado a facilitar o financiamento do Plan de Negocio que a empresa prevé desenvolver no período 2006-2010. Este plan prevé medidas orientadas á potenciación do acceso aos recursos pesqueiros, mediante un programa de investimentos produtivos e outro de diversificación das fontes de subministración; o Plan de Negocio tamén recolle a maximización da rendibilidade mediante programas de márketing, I+D e eficiencia operativa, así como o saneamento financeiro e o redimensionamento da empresa.

Para o desenvolvemento do seu plan de consolidación, S.A. Eduardo Vieira contará con préstamos bancarios avalados parcialmente polo Igape, e cunha achega de Xesgalicia a través do fondo de capital risco Sodiga por importe de 6 millóns de euros, que se engadirán ás achegas realizadas polos socios actuais da firma. O Grupo Vieira está integrado por varias sociedades domiciliadas en Vigo, e con filiais en Senegal, Namibia, Arxentina, Perú e Chile; con 2.640 traballadores, é un dos grupos empresariais galegos de referencia no sector da explotación comercial e industrial da pesca e das súas actividades complementarias.

Grupo Copo

Pola súa parte, o Grupo Copo Inversiones tamén contará co apoio do Igape e de Xesgalicia para impulsar os plans de reforzamento das súas estruturas financeiras. As operacións de aval a conceder ao Grupo Copo están enmarcadas nun conxunto de



medidas de cara ao reforzamento financeiro do Grupo, que prevé ademais a achega de capital polos seus socios e a participación de Sodiga cunha achega de 4,4 millóns de euros no capital, e de 5,3 millóns a través dun préstamo participativo.

Con este conxunto de medidas, dotarase o Grupo Copo dunha estrutura financeira sólida que lle permitirá consolidar a súa posición competitiva. Ademais, o Grupo está a implantar unha serie de accións nos ámbitos comercial, técnico e organizativo, para recuperar a rendibilidade na sección de fabricación de modelados para automoción.

A actividade de Grupo Copo remóntase a 1969, ano en que se constitúe *Espumaciones Industriales Roday* cunha planta de espuma de poliuretano en bloque continuo no municipio pontevedrés de Mos, localidade onde hoxe están situadas a sede social da sociedade matriz, o centro tecnolóxico do Grupo, e varias plantas de produción. Actualmente o cadro de persoal do Grupo COPO está integrado por 2.016 traballadores, dos cales 1.333 pertencen ao proceso produtivo e 683 a outros procesos e staff. En Galicia o número de empregados é de 538, no resto de España 581, en Portugal 221, en EEUU 189, en Brasil 339 e en Cuba 148.



MEDIO RURAL ASINA 18 CONVENIOS MÁIS PARA A CONTRATACIÓN DE OBRAS DO PROGRAMA ESTRATÉXICO DE INFRAESTRUTURAS

O Consello da Xunta autorizou a Consellería do Medio Rural para asinar dous novos paquetes de convenios para a realización de obras de infraestruturas rurais no marco do Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural, cun orzamento previsto nesta décimo sexta quenda de 2.883.444 euros distribuídos en dúas anualidades.

Nesta fase executaranse as obras logo do asinamento dos convenios nos concellos de Cabanas, Cariño, Cerceda, A Coruña, Fene, Mesía, Muros, Porto do Son, Begonte, Oulol, Barbadás, Melón, Toén, Sanxenxo, Ames, Cambre, Mugardos e Outes.

Estes 18 concellos correspondentes á décimo sexta quenda súmanse aos 214 incluídos nos anteriores consellos da Xunta. Nas vindeiras semanas proseguirase co proceso de contratación de obras nos restantes municipios galegos, ata completar os 40 millóns de euros previstos no PEIM correspondentes ás anualidades 2006-2007.

A Consellería do Medio Rural, co obxecto de racionalizar os investimentos en obras de infraestruturas no medio rural, elaborou as directrices para un plan de investimentos a realizar en distintos concellos de Galicia, denominado Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM), que se desenvolverá de acordo cuns criterios básicos, entre os que se sinalan proxectos que teñan que ver coa dinamización da base produtiva, co obxectivo de dignificar e de mellorar a calidade de vida da poboación que reside nestas zonas e de contribuír a fixar poboación.

Prevense tamén proxectos de obras de infraestruturas de servizos básicos elementais como abastecementos de auga domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas e pistas rurais, así como aqueles proxectos singulares que, pola súa natureza, entren nas competencias da Consellería do Medio Rural.



SANIDADE AMPLÍA A COMPRA DE ANTIVIRAIS PARA O PLAN CONTRA A PANDEMIA DE GRIPE POR UN IMPORTE DE MÁIS DE TRES MILLÓNS DE EUROS

O Consello da Xunta de Galicia de hoxe vén de autorizar un investimento por parte da Consellería de Sanidade de 3.113.910,80 euros na ampliación da compra de antivirais, o Osetalmivir fosfato, dentro do seu plan contra a pandemia de gripe.

Datos procedentes da Rede Mundial de Vixilancia da Gripe da Organización Mundial da Saúde indican que as cepas de virus H5N1 son susceptibles aos antivirais como o Oseltamivir, e, por tanto, probablemente, este medicamento sexa efectivo como profilaxe e tratamento da enfermidade. Para tal efecto, a Consellería de Sanidade xa tiña adquiridos 119.000 tratamentos de Oseltamivir fosfato por un importe de 1.175.528 euros para os anos 2005 e 2006.

A Comisión Nacional de Saúde Pública acordou a ampliación da compra de antivirais para o Plan contra a Pandemia de Gripe. En consecuencia, a Consellería de Sanidade da Xunta amplía agora a compra de Oseltamivir fosfato en 385.000 tratamentos, que supoñen un orzamento de 3.113.910,80 euros.

Programa Alternativa

Hoxe tamén se lle deu o visto e praxe ao convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e Servizo Galego de Saúde coa Fundación Galicia Innova para o desenvolvemento dun programa no marco das drogodependencias. Esta actuación contará cun orzamento de 146.000, desagregado en 36.000 euros neste ano 2006, e 110.000 o vindeiro 2007.

O obxectivo deste convenio é articular a cooperación entre estas institucións na prevención das drogodependencias, especificamente no Programa Alternativa, que está especialmente dirixido a mozos e mozas con denuncias por consumo e/ou posesión de drogas en lugares públicos.

A finalidade do programa Alternativa tamén é mellorar a información sobre as drogas e os seus efectos, ofrecer estratexias para situacións de risco asociadas ao consumo de drogas, e o incremento significativo da sensibilidade dos pais dos menores participantes no programa sobre a necesidade de colaborar e participar nas actividades preventivas.



O SERGAS ADQUIRE EQUIPAMENTOS PARA O HOSPITAL DA BARBANZA E O HOSPITAL DO SALNÉS POR UN IMPORTE GLOBAL DE 343.560 EUROS

- *Sanidade tamén vai asinar un terceiro convenio, coa súa Escola Galega de Administración Sanitaria, para o financiamento das funcións de soporte técnico, administrativo e de servizos a desenvolver pola antedita Escola na avaliación de tecnoloxías sanitarias*

O Consello da Xunta de hoxe vén de autorizar convenios de colaboración da Administración sanitaria galega con dous hospitais da rede pública galega. Un terceiro convenio vinculará o departamento que dirixe María José Rubio Vidal coa Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria.

Os dous convenios asinados con hospitais, por un importe global de 343.560 euros, establécense entre o Servizo Galego de Saúde e os centros sanitarios públicos: Hospital da Barbanza, en Ribeira, e o Hospital do Salnés, en Vilagarcía de Arousa. Ambos os convenios teñen como obxectivo a adquisición de equipamentos novos e de reposición de aparellos necesarios para o funcionamento destes centros.

Deste xeito, o Hospital da Barbanza contará con nova central de telefonía, integrada na rede do Servizo Galego de Saúde, que mellorará substancialmente as comunicacións do centro sanitario. Con esta partida orzamentaria tamén se adquire para este hospital público galego, entre outros aparellos, unha sonda para ecocardiograma, dous hólter para control de arritmias, un laparoscopio para quirófano e un microscopio para otorrinolaringoloxía.

No Hospital do Salnés, en Vilagarcía de Arousa, renovarase o equipamento electromédico coa compra dunha torre de laparoscopia, un berce térmico e unha videocolonoscopia e monitores. Tamén se renovará o mobiliario nos cuartos dos pacientes e os equipos informáticos do hospital.

Escola Galega de Administración Sanitaria

O terceiro dos convenios, o asinado entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria (Fegas), por un importe de 109.892 euros, destínase ao financiamento das funcións de soporte técnico, administrativo e de servizos a desenvolver por esta Escola na avaliación de tecnoloxías sanitarias.



A Escola Galega de Administración Sanitaria, adscrita á Consellería de Sanidade, ten por obxecto a docencia e a formación continua do persoal da Sanidade pública galega. Dirixe a súa actividade tanto aos profesionais sanitarios da sanidade galega como a aqueloutros interesados no desenvolvemento sanitario de Galicia.



MEDIO AMBIENTE EXECUTARÁ OBRAS HIDRÁULICAS EN SETE MUNICIPIOS CUN INVESTIMENTO SUPERIOR A 3.325.000 EUROS

- *O Consello da Xunta dá luz verde ás actuacións para crear redes de auga potable e sistemas de depuración en tres concellos de Pontevedra (Mondariz, Nigrán e Vilaboa), dous de Lugo (Guntín e Pedrafita do Cebreiro), un da Coruña (Vedra), e outro en Ourense (Rairiz de Veiga)*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a través dos organismos Augas de Galicia e a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh), asumirá a realización dunha nova serie de obras de abastecemento e saneamento en sete municipios galegos. O investimento total destas actuacións, con prazos de execución que varían entre os tres e os doce meses, ascende a 3.325.146 euros.

Este conxunto de obras, que recibiron hoxe o visto e prace do Consello da Xunta, permitirán crear redes de auga potable ou sistemas de depuración en núcleos de poboación, principalmente do rural, que carecían destes servizos. Algunhas das actuacións consisten en repoñer e modernizar redes hidráulicas obsoletas ou claramente insuficientes para atender ás demandas da poboación residente neses núcleos. As obras aprobadas hoxe beneficiarán os municipios de Vedra (A Coruña); Guntín e Pedrafita do Cebreiro (Lugo); Rairiz de Veiga (Ourense); así como Nigrán, Mondariz e Vilaboa (Pontevedra).

Vedra (A Coruña)

Dotarase dun sistema de abastecemento de auga potable os veciños do municipio de Vedra. O Consello da Xunta deu luz verde á primeira fase desta instalación, consistente en dotar desta subministración a tres parroquias (Santa Cruz, Santa Madanela e San Pedro de Vilanova) e deixar previstas as conexións necesarias para darlle servizo, en seguintes actuacións, á totalidade dos lugares deste municipio.

O custo total da primeira fase desta obra ascende a 510.187 euros. O 90% do investimento será sufragado por Medio Ambiente, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh), e o resto polo Concello de Vedra. Esta rede de abastecemento estará conectada á do veciño municipio de Boqueixón. O prazo de execución da primeira fase destas obras, que permitirán a subministración de auga potable ás mencionadas tres parroquias, é de seis meses.

Guntín (Lugo)

Todas as vivendas dos núcleos rurais de Guntín se beneficiarán dunha rede municipal de auga potable logo de construírse unha rede de abastecemento en Mougán. Medio Ambiente financiará a totalidade desta actuación, que custará 123.900 euros e se



executará en oito meses. O proxecto elaborado por Augas de Galicia consiste en instalar unha condución conectada co depósito de auga existente no núcleo rural de Piñeiras así como en construír dous depósitos para garantir o abastecemento á practica totalidade de ambos os lugares de Guntín.

Pedrafita do Cebreiro (Lugo)

A deficiente rede de abastecemento de núcleos de Pedrafita do Cebreiro e a inexistencia dunha rede de saneamento e depuración de augas fecais en lugares con alta demanda, ao tratarse dun municipio do Camiño de Santiago con abundante afluencia de peregrinos, levaron a Consellería de Medio Ambiente a asumir a realización dunha serie de obras hidráulicas que financiará na súa totalidade.

O abastecemento e saneamento de augas de catro núcleos de poboación deste municipio lucense farase en cinco meses. O conxunto destas actuacións, aprobadas hoxe polo Consello da Xunta, custarán 498.468 euros.

Consistirán, por un lado, en crear redes de saneamento de augas fecais e un sistema de depuración para os veciños de Hospital da Condesa, Foxos e Poio. Estas obras permitirán poñer fin aos focos de insalubridade e contaminación ambiental que sofren estes núcleos do Camiño de Santiago.

Está previsto tamén renovar a rede de distribución de auga potable en Hospital da Condesa, onde se concentran albergues e centros de hostalaría, e en Foxos. Aumentaranse, ademais, os abastecementos de Hospital e Pedrafita. Augas de Galicia resolverá con estas actuacións as graves deficiencias das actuais instalacións de abastecemento, que por mor da súa antigüidade padecen frecuentes roturas e avarías, co importantes perdas de auga. A necesidade de acometer estas obras tamén é debida ao crecemento de poboación e ás necesidades de Pedrafita dada a afluencia de peregrinos, especialmente no verán.

Rairiz de Veiga (Ourense)

Medio Ambiente investirá un total de 380.000 euros na realización de seis actuacións hidráulicas en núcleos de poboación do municipio ourensán de Rairiz de Veiga. As obras executaranse nun prazo de tres meses desde a súa adxudicación. Trátase de dotar dun sistema de saneamento e depuración de augas residuais os núcleos de Currás, A Saínza e Toxo. Nestas dúas últimas zonas tamén se procederá à instalación de redes de abastecemento.

Executarase outra serie de actuacións para garantir e mellorar a subministración de auga potable a poboación deste municipio. Co fin de aumentar a capacidade de almacenamento de Rairiz de Veiga e Ordes, construíranse dous novos depósitos. Dotaranse tamén dunha nova rede de abastecemento os veciños de Lampaza.



Finalmente, faranse novas redes de captación de auga nos núcleos de Sabariz e Rairiz de Veiga para mellorar as existentes.

Vilaboa (Pontevedra)

Ante a falta de auga que padecen os veciños de Vilaboa, debido ao feito de que as súas parroquias se abastecerán de depósitos particulares que captan as augas de mananciais insuficientes para a crecente demanda que existe na zona, Augas de Galicia declarou prioritarias e urxentes dúas actuacións nos barrios de Paredes e en Santradán. O Consello da Xunta deu luz verde a estas obras que custarán 798.009 euros. A Consellería de Medio Ambiente financiará o 80% (638.407 euros) e o Concello de Vilaboa o importe restante.

A construción de redes de subministración de auga potable tanto en Paredes como en Santradán durará un ano. Tras desbotar dous antigos proxectos que nunca se levaron a cabo, Augas de Galicia proxectou construír un depósito en Paredes que estará conectado, mediante unha conducción principal, ao tanque regulador de Arcade, en Soutomaíor.

Mondariz (Pontevedra)

A Consellería de Medio Ambiente destinará un total de 476.270 euros na reforma e mellora da depuración de augas residuais do municipio de Mondariz, unha actuación que contribuirá á rexeneración do río Tea. Na actualidade, este concello pontevedrés dispón de catro redes de saneamento que verten, mediante fosas sépticas, á mencionada canle ou aos seus afluentes. A Xunta aprobou hoxe o proxecto polo que se creará unha rede de colectores para levar esas verteduras á Estación Depuradora de Augas Residuais (Edar) que se está a construír en Mondariz-Balneario. Con estas obras, que teñen un prazo de execución de 12 meses e son financiadas ao 100% pola Administración autonómica, eliminaranse cinco fosas sépticas que afectan o río Tea.

Nigrán (Pontevedra)

Catro barrios do municipio de Nigrán que teñen unha importante densidade de poboación contarán cunha rede de saneamento da cal carecen na actualidade, o que provoca problemas de contaminación nos pozos de captación de auga e verteduras incontroladas. Medio Ambiente, a través de Augas de Galicia, deu a consideración de prioritaria a construción desta infraestrutura, que foi aprobada hoxe polo Consello da Xunta.

O custo desta actuación ascende a 538.314 euros. A Administración hidráulica achegará o 70% do investimento e o Concello de Nigrán o resto. As obras, cun prazo de execución de seis meses, consisten en dotar dunha rede de saneamento os barrios de Nogueira, San Román, Mámoa e Nabás. A infraestrutura está deseñada para 200



vivendas, cunha posterior ampliación de ramais da rede principal que permitirá integrar 150 casas máis.